

# MEMORIA PLAMBE

## 2022-2023



IES A XUNQUEIRA II  
PONTEVEDRA

---

## Sumario

1. ACTIVIDADES DE XESTIÓN TÉCNICA
2. ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN NO ACCESO Á INFORMACIÓN
3. ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA
4. AVALIACIÓN

---

## ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

### 1. Actividades de xestión técnica

- Catalogación dos fondos adquiridos no presente curso.
- Cambio de etiquetas e reparación de exemplares deteriorados.
- **Expurgo** ao longo do curso.
- Control de morosidade.
- Reparto de  **carnés de usuarios**  e da  **Guía da biblioteca**  aos alumnos novos no centro.
- Reubicación dos fondos e renovación de mobiliario (soportes para ordenadores, mesa e cableado de radio) para converter de novo a biblioteca como espazo lector e centro de aprendizaxe, por mor da incorporación da radio escolar.
- Adquisición de fondos documentais en diferentes soportes, atendendo as suxestións da comunidade escolar:
  - **Quiosco:** Compra de revistas relacionadas co mundo do motor para a inclusión na lectura de alumnado con escaso hábito lector.

- Espazo **Lettering**. Compra de libros e espazo creado na sala con material fotocopiábel para a práctica desta técnica de caligrafía.

### ● **Recreos inclusivos**

Fomento de iniciativas para propiciar, dentro da biblioteca escolar, oportunidades para que o noso alumnado desenvolva habilidades sociais e goce do xogo entre iguais.

Entre outros, o espazo de xadrez, de lettering, de xogos creativos, obradoiros (origamis, figuras Pokémon)

Estas propostas deron lugar a eventos como un torneo de xadrez e obradoiros na Semana CAM.

[Ver Bibliototem.](#)



## 2. Actividades de educación no acceso á información.

- ❖ Formación básica de usuarios.
- ❖ E-Elbe: Formación no uso da plataforma de préstamos dixitais. Moi empregado nos cursos de bacharelato e 3º e 4º de ESO na lectura de libros obrigatorios e voluntarios.
- ❖ Pódcast: Formación no uso da app Audacity para a realización de actividades de creación de pódcast en
  - 1º de ESO (participación na actividade “A que xogaban os meus avós” do Salón do Libro de Pontevedra).
  - 2º ESO: Actividade curricular Lingua Castelá: “Entrevista a un personaxe destacado”.
  - 3º ESO: Actividade curricular Lingua Francesa: “Entrevista a profesorado con coñecementos da lingua francesa”.
  - 4º ESO: Actividade curricular Cultura Científica: “Divulgación sobre cuestións medioambientais”.
  - 1º Bac: Actividade curricular Economía: Informativos de actualidade económica.
  - 2º Bac; Actividade curricular Fundamentos de Administración: “Entrevista a un empresario ou emprendedor”

[Ver Bibliototem.](#)

## 3. Actividades de fomento da lectura

Un dos obxectivos fundamentais que se persegue desde a biblioteca é fomentar no alumnado o interese e o gusto pola lectura de textos variados e en diferentes formatos; textos non só literarios senón tamén científicos e de coñecemento en xeral. Por iso procuramos respectar os seus gustos, pero tamén consideramos que é fundamental facer un labor de orientación, selección e recomendacións de lecturas

axeitadas á súa idade, intereses, comprensión, formación, etc., e poñerllas ao seu alcance.

❖ **Mediación lectora**

A través do espazo de temáticas ubicado no centro da biblioteca, o Equipo axuda na elección de lecturas tanto para o alumnado (Hora de Ler, novidades) como para o profesorado.



O club de lectura de 2º ESO elaborou unha guía de lecturas recomendadas titulada “Os libros esquecidos”

❖ **Espazos lectores**

Actividade de exposición de lecturas temáticas no vestíbulo do instituto organizadas por membros do club de lectura de narrativa de 2º de ESO.

Leváronse a cabo dúas:

- Día do libro: frases célebre de libros. Cada membro dos diferentes clubs de lectura escolleu unha frase do seu libro favorito.
- 

❖ **Hora de ler**

Lectura silenciosa durante quince minutos diarios á volta do recreo dirixida a todos os alumnos do primeiro ciclo da ESO.

Previamente, no mes de setembro realizamos oito sesións de mediación lectora (unha por cada curso) onde mostramos as diferentes temáticas e xéneros para que realizaran a selección do primeiro libro para a hora da lectura.

Esta actividade goza dunha grande aceptación entre o alumnado. Para comprobar o índice de logro desta actividade, realizamos unha avaliación entre o alumnado e profesorado participante que se acompaña coa documentación aportada.

Ver bibliototem

❖ **Clubs de lectura**

No mes de setembro promocionouse o Club de lectura cunha presentación no vestíbulo do centro e posteriormente convocouse aos interesados en participar na actividade e formáronse os grupos. Nunha reunión posterior propuxéronse as lecturas e se fixou o calendario de reunións. Estas teñen lugar cada 15 días no recreo e participaron 61 lectores, organizados como figuran na seguinte táboa:

CURSO	Nº LECTORES	LECTURAS
-------	-------------	----------

1º ESO	12	<i>O misterio de Portomarín de Antía Yáñez</i> <i>O misterio do torque de Burela de Antía Yáñez</i> <i>Relatos de terror de Edgar Allan Poe</i> <i>Un libro de elección na Saída ás librarías de Pontevedra</i>
2º ESO	20	<i>22 segundos de Eva Mejuto</i> <i>Marina de Carlos Ruiz</i> <i>Un libro de elección na Saída ás librarías de Pontevedra</i>
4º ESO	8	<i>O único que queda é o amor de Agustín Fernández</i> <i>Senlleiras de Antía Yáñez</i> <i>Un libro de elección na Saída ás librarías de Pontevedra</i>
ÁLBUM ILUSTRADO	6	<i>Suciedad</i> <i>Alicia</i> <i>La gran expedición</i> <i>Harry Potter</i> <i>La vida ilustrada</i>

CÓMIC/ MANGA	12	<i>Fullmetal Alchemist</i> <i>Parasyte</i> <i>Sábanas</i> <i>Solos</i>
BANDA DESEÑADA EN FRANÇAIS	10	<i>Imbattable</i> <i>Mauvaise réputation</i> <i>Le cahier d'activités des enfants qui remontent le temps</i> <i>L'incroyable histoire de la mythologie grecque</i>

Queremos salientar que os membros do Club de lectura, como ven sendo habitual, non só mostran interese pola lectura, senón que tamén participan activamente na maioría das actividades convocadas pola biblioteca (III Semana CAM, BiblioTElca)

## ❖ Guías de lectura

### ○ Os libros esquecidos

O club de lectura de 2º ESO elaborou unha guía de lecturas recomendadas e, ás veces ignoradas nos andeis, titulada "Os libros esquecidos" para conmemorar o Día das Bibliotecas.

Ver [bibliototem](#)

o **Libros de Amor para todos os gustos**

Vídeo-guía de lectura de contigo romántico para conmemorar o Día dos Namorados que se expuso no vestíbulo do instituto.

Ver [bibliototem](#)

o **Verán 2023**

Selección de lecturas para o lecer do alumnado no tempo de verán, basadas nas escollas que realizaron os membros dos clubs de lectura na actividade "Saída ás librarías de Pontevedra.


Ver [bibliototem](#).



❖ **Día da Lingua Materna: Windows Poetry**

Escritura de poemas de Rosalía nos cristais das ventás da biblioteca e doutros corredores. Colaborouse co EDLG na procura de poemas da escritora entre a súa obra poética.

[Ver Bibliototem](#).



❖ **Día do Libro**

● **Saída ás librarías de Pontevedra**

Actividade moi presente entre os clubs de lectura e que neste curso a fixemos coincidir coa data do Día do Libro.

Cada membro dos diferentes clubs visita as librarías da cidade e merca o libro que mais lle gusta e que quere que forme parte da biblioteca do centro. A compra realízase con fondos de Plambe e dos clubs de lectura.

Tras a compra, reunímonos nun lugar senlleiro da cidade (a praza da Ferrería) e comentamos o motivo da súa escolla.

Cos libros marcados realizouse a derradeira lectura dos clubs de lectura, sendo tamén a base da guía de lectura para o verán.

O vídeo pódese ver en [bibliototem](#)

❖ **III Semana CAM**

Proxecto que nace no Club de Manga e Cómic no curso 2019-20 e na que se desenvolven unha serie de actividades para o alumnado centradas no mundo do manga, cómic e anime: dende talleres de haikus, origamis, hama beads e actividades virtuais, pasando por exposición de figuras de anime, cartelería, contacontos, música ambiental de series de anime, cosplay, concursos de kahoot e rematando cun



emocionante Pasapalabra.

Este curso invitamos ó Club de lectura de Manga do IES A Xunqueira I a visitar a exposición así como a participar no concurso de Pasapalabra.

A elaboración, distribución e realización do proxecto estivo baixo a dirección dos membros do club, colaborando o Equipo de Biblioteca, o Departamento de Debuxo e Vicedirección. Durante a semana distribuíronse as actividades propostas e leváronse a cabo nos periodos de lecer e en clases ordinarias. Destacar a alta participación do alumnado e a alta aceptación na enquisa de funcionamento da biblioteca.

Ampla reportaxe en [bibliototem](#)

❖ **Book face en 2º de Bacharelato na materia de Debuxo Artístico.**

Unha forma divertida e creativa de unir a fotografía e a literatura co alumnado de bacharelato.



❖ **Obradoiros de haikus con 3º ESO.**

Tomando como punto de partida ó taller realizado durante a Semana CAM, realizouse un obradoiro a todo o alumnado de 3º de ESO en colaboración coa materia de EPVA

Ver [bibliototem](#).

❖ **Roteiro literario pola Ribeira Sacra e Monforte de Lemos.**

Monforte de Lemos foi a cidade escollida para a visita cultural cos clubs de lectura. Elaborouse unha guía co percorrido: pasarelas do río Mao, paseo literario polo centro da cidade (lecturas de Blanco Amor e Lois Pereiro), visitas guiadas polo castelo de Monforte de Lemos e polo Museo do Ferrocarril.

Ampla reportaxe en [bibliototem](#).


❖ **Colaboración con proxectos do Centro.**

- **Polos creativos:** obradoiros de radio e vídeos para o profesorado.

Ver [bibliototem](#)



- **EmocionARTE.**



Reflexión sobre unha emoción para realizar unha creación literaria e outra artística: “que provoca en min e como me gustaría mostrala”. O alumnado empregou como referencia dous títulos da nosa colección de álbum ilustrado.

Ver en [bibliototem](#).

➤ **XXIV Salón do Libro de Pontevedra**

Participación do alumnado de 1º ESO na edición 2023 “Libros para xogar” nos seguintes eventos:

- **Elaboración de pódcast** no espazo de Radio Escolar creado na biblioteca para o alumnado de 1º de ESO. Consistía en realizar unha entrevista a un avó sobre como xogaban na súa infancia.

Seleccionáronse oito producións do alumnado que posteriormente foron publicadas na plataforma de pódcast do Salón do Libro “iVoox”. Ver [enlace](#)

- Encontros dos clubs de lectura de 1º, 2º e 4ª de ESO coa autora **Antía Yáñez** para intercambiar opinións sobre as lecturas que se leron da autora.
- **Encontros con clubs de lectura** de centros educativos de Pontevedra e bisbarra, onde se presentaron as nosas actividades

Ver [bibliototem](#)



❖ **Colaboracións con outros equipos e departamentos:**

➤ **Día das Bibliotecas: BiblioTEculda**

Colaboración entre o Programa TEI promovido polo Departamento de Orientación e o Equipo da Biblioteca para celebrar o Día das Bibliotecas. O obxectivo era reflexionar sobre o uso artístico das obras de lectura e elaborar un produto coa figura do lector e a cara da personaxe.

Ver [Bibliototem](#)

O club de lectura de 2º ESO elaborou unha guía de lecturas recomendadas e, ás veces ignoradas nos andeis, titulada “Os libros esquecidos” para conmemorar o Día das Bibliotecas.

Ver [bibliototem](#)

➤ **Samáin**

Exposición de fondos da biblioteca coa temática de medo e terror (vídeos, novela, manga, cómic, relatos) en colaboración co EDLG.





Ver [bibliototem](#)

### ➤ Aportación de lecturas dentro do PAL

Tomando en consideración as solicitudes de lecturas dos departamentos no Plan Anual de Lectura, realizáronse compras para o fomento lector nos departamentos de Física e Química, Economía, Lingua Galega, Lingua Castelá, Portugués e Filosofía.

### 5. Avaliación

Realizáronse tres enquisas, unha sobre o funcionamento da biblioteca e dúas sobre a Hora de Ler, tanto ó profesorado coma o alumnado participante.

Pódense consultar as enquisas en [bibliototem](#).

Enquisa sobre o funcionamento da biblioteca. [Enlace.](#)

Enquisa hora de ler alumnado na metade do curso. [Enlace](#)

Enquisa hora de ler alumnado final de curso. [Enlace](#)

Enquisa hora de ler profesorado. [Enlace](#)

Os resultados, gráficos e conclusións están desenvolvidos no ficheiro subido no apartado de avaliación.

Pontevedra, a 6 de xuño de 2023.



O responsable de PLAMBE



Asdo.: Delfín Ogando Fernández.

Vº e prace.

O director do centro.

Asdo.: Juan Carlos Pérez Mestre.